



# O Software libre nas empresas informáticas de Galicia

EDICIÓN 2017. RESUMO EXECUTIVO

# Índice

## I. Presentación

## II. Principais resultados

- II.1 Posición global
- II.2 Tipoloxía de Software
- II.3 Formación en Software Libre
- II.4 Empresas como proveedoras de Software
- II.5. Análise sectorial e provincial
- II.6. Barreiras para non empregar Software libre
- II.7. Propostas de actuación e nicho de mercado

# PRESENTACIÓN

Principais resultados dos indicadores sobre Software Libre integrados na “Enquisa ás Empresas TIC de Galicia”. Edición 2017.

Realizada polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

## Obxectivos:

Analizar a penetración do Software Libre nas empresas informáticas galegas desde unha dobre vertente:

- A implantación e uso do Software Libre nestas empresas
- A oferta de produtos e servizos de Software Libre aos seus clientes

## Metodoloxía da enquisa do OSIMGA:

- 264 enquisas ás empresas informáticas con actividade en Galicia dedicadas ás actividades CNAE : 62, 63.11, 63.12, 58.2, 95.1, 46.5 que non son persoas físicas.
- Enquisa autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura
- Período de realización da enquisa: 2 de abril ao 5 de Xullo de 2017.
- A marxe de erro para o conxunto da mostra é de  $\pm 5,55\%$ .

## PRINCIPAIS RESULTADOS



# POSICIÓN GLOBAL

O 88,6% das empresas TIC galegas empregaron Software Libre durante o 2017. Tendo en conta o tamaño da empresa, as de 3 a 9 empregados/as foron as que máis destacaron polo uso de Software Libre.

De 10 ou máis empregados/as

91,3%

De 3 a 9 empregados/as

93,5%


De 0 a 2 empregados/as

85,0%



## EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Software Libre nalgún equipo informático (ordenadores e/ou servidores)  
(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


## EVOLUCIÓN do Software libre:

Período 2014-2017: +3,9 puntos

Último ano: +1,4 puntos

# TIPOLOXÍA DE SOFTWARE


EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE NOS ORDENADORES  
(% sobre as empresas informáticas)



O 88,1% das empresas informáticas galegas dispón de Software Libre nos seus ordenadores, crescendo 2,6 % en 2017.

Fonte: OSIMGA

EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE NOS SERVIDORES  
(% sobre as empresas informáticas)




Segue crescendo a porcentaxe de empresas TIC galegas que teñen servidores con Software Libre, cunha subida de 12,8 puntos porcentuais, acadando o 77,7%.

Fonte: OSIMGA

# TIPOLOXÍA DE SOFTWARE (II)

EMPRESAS CON SISTEMAS OPERATIVOS E APLICACIÓNS LIBRES NOS ORDENADORES  
(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

## ORDENADORES

A maior implantación do Software Libre nas empresas informáticas galegas débese tanto ao importante aumento do uso de sistemas operativos libres como de aplicacións libres nos ordenadores: 25,7 e 7,6 puntos respectivamente.

EMPRESAS CON SISTEMAS OPERATIVOS E APLICACIÓNS LIBRES NOS SERVIDORES  
(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


## SERVIDORES

O uso de sistemas operativos e de aplicacións liberadas nos servidores experimenta igualmente un importante crecemento: 18,2 e 15 puntos porcentuais respectivamente.

# TIPOLOXÍA DE SOFTWARE (III)

## APLICACIÓNS DE SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO DISPOÑIBLES NAS EMPRESAS

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


Atopamos unha maior presenza nas empresas TIC galegas de aplicacións de Software Privativo, especialmente as “Ofimáticas” (78%) e as de “Navegadores de Internet” (75,7%).

O Software Libre destaca fronte ao Privativo nas aplicacións de “Xestión de contidos web”, “Aplicacións de deseño gráfico” e as “Educativas e formación a distancia”.



# FORMACIÓN EN SOFTWARE LIBRE

## FORMACIÓN EN TIC RECIBIDA POLO PERSOAL TÉCNICO E USUARIO



Fonte: OSIMGA

Persoal informático

- Descenso de 2,4 puntos porcentuais

Persoal non informático

- Descenso de 4,4 puntos porcentuais

# EMPRESAS INFORMÁTICAS COMO PROVEDORAS DE SOFTWARE

O 52,7% das empresas TIC galegas que ofrecen produtos de software propios ou de terceiros, son provedoras de Software Libre.

Os produtos de software que máis ofertan as empresas TIC galegas son:

Os sistemas de xestión de bases de datos (65,7%), servidor de ficheiros (54,6%) e servidor web (51,8%)


<b>INCREMENTOS DE PRODUCTOS DE SOFTWARE LIBRE</b>	<b>Aumento 2016 – 2017</b>
<b>Planificación de recursos empresariais, ERP</b>	4,5 puntos
<b>Xestión relación cos clientes, CRM</b>	3,7 puntos
<b>Servidor web</b>	3,3 puntos
<b>Intelixencia de negocio, BI</b>	3,1 puntos
<b>Servidor de ficheiros</b>	3,1 puntos

# EMPRESAS INFORMÁTICAS COMO PROVEDORAS DE SOFTWARE

Os produtos de software ofertados polas empresas informáticas, con maior presenza de solucións libres que privativas, son:


- ❑ “Servidores web” (8,1 puntos máis)
- ❑ “Xestión de contidos de portais e páxinas web” ( 6,6 puntos)
- ❑ “E-learning” (3,4 puntos máis)
- ❑ “E-commerce” (2,3 puntos)
- ❑ “Sistemas de desenvolvemento” (1,1 puntos)

PRODUTOS DE SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO QUE  
OFRECEN AS EMPRESAS INFORMÁTICAS  
(% empresas informáticas que ofrecen produtos de software)



# EMPRESAS INFORMÁTICAS COMO PROVEDORAS DE SOFTWARE


PRODUCTOS DE SOFTWARE LIBRE QUE OFRECEN A LAS  
EMPRESAS INFORMÁTICAS  
(% empresas informáticas que ofrecen productos de software)



Fonte: OSTIMGA

# ANÁLISE SECTORIAL E PROVINCIAL DO SOFTWARE LIBRE


DISTRIBUCIÓN DO USO DE SOFTWARE LIBRE  
SEGUNDO A PROVINCIA  
(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

As empresas informáticas, ubicadas na provincia Lugo destacan pola súa maior utilización de Software Libre, cun 95%.


DISTRIBUCIÓN DO USO DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE  
(% sobre as empresas informáticas)



Tendo en conta a actividade, nas empresas TIC galegas, adicadas á “Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos , hospedaxe e actividades relacionadas. Portais web” prodúcese un maior uso de Software Libre.

# BARREIRAS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE


BARREIRAS DAS EMPRESAS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE



As barreiras que impiden unha maior penetración do Software Libre nas empresas TIC galegas, son, segundo as propias empresas, a incompatibilidade cos sistemas ou interlocutores actuais, e o descoñecemento ou falta de información.


Máis da metade das empresas que non ofrecen Software Libre non o ofrecen aos seus clientes debido a que non está na liña de negocio da empresa.

BARREIRAS DAS EMPRESAS PARA NON SER PROVEDORAS DE SOFTWARE LIBRE



# PROPOSTAS DE ACTUACIÓN E NICHOS DE MERCADO

Accións promotoras do Software Libre que demandan as propias empresas



Aspectos máis valorados polos clientes de Software Libre



As accións máis demandadas polas propias empresas para fomentar o uso do Software Libre son as “Axudas e subvencións” (35%), ou o “Asesoramento ao caso concreto da empresa” (33,9%).

Os tres aspectos máis valorados polos clientes que empregan Software Libre son o custo (85,3%), independencia do provedor (40,1%) e a persoalización (36,2%).

galicia



Máis información: [www.osimga.gal](http://www.osimga.gal)

